Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

**Procedemento de selección dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos de persoal como traballadora social do Concello de Ares.**

**FASE DE OPOSICIÓN.**

***PRIMEIRO EXERCICIO***

**Duración: 2 horas**

a) **Cuestionario tipo test (20 preguntas). Para superalo se requiren un mínimo de 10 respostas correctas, sen que as incorrectas ou en branco penalicen de ningún modo. (puntuará un máximo de 5 puntos).**
b) **Desenvolvemento por escrito dun caso práctico. (puntuará un máximo de 5 puntos).**

**O primeiro exercicio valorase en conxunto cun máximo de 10 puntos, e para superalo debese obter un mínimo de 5 puntos no global, e un mínimo de 10 respostas acertadas no cuestionario tipo test.**

**Lectura da proba práctica.**

**Unha vez tódalas aspirantes teñan rematado o exame ou ben, finalizadas as 2 horas dende o comezo do exame, finalizando o mesmo, deberán permanecer nas instalacións para o chamamento á lectura ante o tribunal, do caso práctico.**

**Para dita lectura, tense establecido polo tribunal un máximo de 10 minutos para a súa exposición ante o mesmo, por parte de cada participante.**

**Non abra o exame hasta que o tribunal o indique.**

**PROBA ESPECÍFICA.**

1) Na Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, ven recollido no seu artigo 66 que as entidades que terán consideración de entidade prestadora de servizos sociais son:

a) A Administración Autonómica, as entidades locais e as entidades de iniciativa social.
b) A Administración Autonómica e as entidades locais.
c) A Administración Autonómica, as entidades locais, as entidades de iniciativa social e as entidades de iniciativa mercantil.

2) Na Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, no seu Título I, Capítulo I, artigo 8, fala da estrutura básica dos servicios sociais. O sistema galego de servizos sociais estrutúrase en forma de rede, conforme a dous niveis de actuación:
   a) a)Servizos sociais, que comprenden a súa vez, dúas modalidades: servizos sociais básicos e servizos sociais comunitarios, e b) servizos específicos.
   b) a)Servizos sociais comunitarios, que comprenden a súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, e b) servizos sociais especializados.
   c) a) Servizos sociais que comprenden servizos sociais básicos, e b) servizos sociais comunitarios.

3) Na Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, no seu Título VI, da financiación dos servizos sociais, artigo 52, fontes de financiación. A financiación do sistema galego de servizos sociais efectuarase mediante:

   a) a)Os presupostos xerais da comunidade autónoma. b) Os presupostos das entidades locais. c) Os prezos públicos correspondentes. d) calquera outra aportación pública ou privada destinada a fins de servizos sociais, da cordo co establecido na normativa que resulte de aplicación.

   b) a)Os presupostos xerais da comunidade autónoma. b) Os presupostos das entidades locais. c) Os prezos públicos correspondentes. d) calquera outra aportación pública destinada a fins de servizos sociais, da cordo co establecido na normativa que resulte de aplicación.

   c) a)Os presupostos específicos da comunidade autónoma. b) Os presupostos das entidades locais. c) Os prezos públicos correspondentes. d) calquera outra aportación privada destinada a fins de servizos sociais, da cordo co establecido na normativa que resulte de aplicación.

4) Na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu artigo 7. Estrutura da renda de inclusión social de Galicia indica:

   a) A renda de inclusión social de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal, tramo familiar e tramo de inserción.

b) A renda de inclusión de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

c) A renda de inclusión de Galicia configúrase en tres tramos, denominados: tramo persoal, tramo familiar, tramo de inserción ao emprego.

5) Na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no seu artigo 42. Das obrigas das persoas beneficiarias.

Os beneficiarios e as beneficiarias da renda de inclusión social terán as seguintes obrigacións relativas á percepción regular da prestación económica, entre as cales se encontra:

a) Comunicar nun prazo de 5 días o acceso a un emprego.
b) Comunicar nun prazo de 10 días o acceso a un emprego.
c) Comunicar nun prazo de 15 días o acceso a un emprego.

6) Na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no Título V. Prevención da exclusión social nas zonas de intervención social especial. No artigo 77. Zonas de intervención social especial: 1. Recoñeceranse como zonas de intervención social especial aquelas áreas urbanas ou periurbanas nas que se acredite unha concentración significativa ou anómala de situacións de exclusión social nas que conflúa, (indique cal e a resposta correcta segundo o establecido no artigo 77):
a) Unha delimitación espacial definida. Una degradación urbanística, manifestada pola presenza de infravivenda e chabolismo. A concorrencia de circunstancias sociais específicas que impida ou dificulte a integración social da súa poboación.
b) Unha delimitación xeográfica definida. Una degradación urbanística, manifestada pola presenza de infravivenda e chabolismo. A concorrencia de circunstancias sociais xerais e específicas que impidan ou dificulten a integración social da súa poboación.
c) Una delimitación definida. Una degradación económica e urbanística, manifestada pola presenza de infravivenda e chabolismo. A concorrencia de circunstancias sociais específicas que impida ou dificulte a integración social da súa poboación

7) Na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no Título VII. Réxime de competencias. No artigo 84. Competencias dos concellos.
(indique cal é a resposta correcta segundo o establecido no artigo 84):

a) 2. A través dos servizos sociais comunitarios básicos, corresponde a os concellos:
a) A detección das personas en situación de exclusión e o asesoramento e información sobre os recursos existentes e os programas e prestacións desenvoltas nesta lei.
b) 2. A través dos servizos sociais comunitarios básicos, corresponde a os concellos:
a) A derivación a outros servizos no caso de personas en situación de exclusión para o

seu asesoramento e información sobre os recursos existentes e os programas e prestacións desenvoltas nesta lei.

c) 2. A través dos servizos sociais comunitarios básicos, corresponde a os concellos:
   a) A detección das personas en situación de risco e o asesoramento e formación sobre os recursos existentes e prestacións desenvoltas nesta lei.

8) Na Lei Orgánica 3/2017, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. No artigo 22. Accións de planificación equitativas dos tempos (indique cal é a resposta correcta segundo o establecido no artigo 22):

   a) Co fin de avanzar cara a un reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes, as corporacións locais poderán establecer liñas municipais de organización do tempo da cidade. Sen prexuicio das competencias das Comunidades Autónomas, o Estado terá a obriga de prestar asistencia técnica para a elaboración destes plans.
   b) Co fin de avanzar cara a un reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes, as corporacións locais poderán establecer plans municipais de organización do tempo da cidade. Sen prexuicio das competencias das Comunidades Autónomas, o Estado poderá prestar asistencia técnica para a elaboración destes plans.
   c) Co fin de avanzar cara a un reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes, as corporacións locais terán que establecer plans municipais de organización do tempo da cidade. Con independencia das competencias das Comunidades Autónomas, o Estado poderá prestar asistencia técnica para a elaboración destes plans dentro das súas competencias.

9) Na Lei Orgánica 3/2017, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. No artigo 7. **.** Acoso sexual e acoso por razón de sexo indica:

   a) Sen prexuicio do establecido no Código Penal, aos efectos desta Lei constitúen acoso sexual algúns comportamentos, verbais ou físicos, de natureza sexual que teña o propósito o produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio ou ofensivo.
   b) Sen prexuicio do establecido no Código Penal, aos efectos desta Lei constitúe acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou o efecto de atentar contra a persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio ou ofensivo.
   c) Sen prexuicio do establecido no Código Penal, aos efectos desta Lei constitúe acoso sexual calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito o produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un entorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

10) Na Lei Orgánica 3/2017, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. No Título preliminar Obxecto e ámbito da Lei**.** Artigo 1. Obxecto da Lei, no seu punto1, establece.

a) As mulleres e os homes son iguais en dereitos e deberes. Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fose súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, acadar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.
b) As mulleres e os homes son iguais en dereitos e deberes. Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fose súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, laboral, económica, social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, acadar unha sociedade máis xusta e máis solidaria.
c) As mulleres e os homes son iguais en dignidade humana, e iguais en dereitos e deberes. Esta Lei ten por obxecto facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, en particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sexa cal fose súa circunstancia ou condición, en calquera dos ámbitos da vida e, singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica social e cultural para, no desenvolvemento dos artigos 9.2 e 14 da Constitución, acadar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria.

11) O Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre a estatística de migracións no primeiro semestre do ano 2021 indica que:

a) Na primeira metade do 2021 produciuse unha redución tanto na poboación de nacionalidade española como da estranxeira, sendo maior o descenso desta última.
b) Na primeira metade do 2021 produciuse unha redución na poboación de nacionalidade española e un incremento da estranxeira
c) Na primeira metade do 2021 produciuse unha redución tanto na poboación de nacionalidade española como da estranxeira, sendo maior o descenso da primeira.

12) O Sistema de información de usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) tal e como indica a Consellería de Política social, por definición é:

a) Unha aplicación informática que desenvolve a Ficha Social, sendo entre outros, do uso dos Servizos Sociais. É un soporte documental técnico para os profesionais que o demanden e para os profesionais de traballo social, que está instalado nos concellos de Galicia. Neste soporte figurará a información necesaria para realizar unha intervención social como resposta a unha problemática social.
b) Unha aplicación informática que desenvolve a Ficha Social, sendo exclusiva dos Servizos Sociais. É un soporte documental técnico para os profesionais de traballo social que está instalado en todos os concellos de Galicia. Neste soporte figurará a información necesaria para realizar unha intervención social como resposta a unha demanda social.
c) Unha aplicación informática que desenvolve a intervención social, sendo utilizada entre outros polos Servizos Sociais nos casos que estimen necesarios. É un soporte documental técnico para os profesionais de traballo social que está instalado en todos os

concellos de Galicia. Neste soporte figurará a información necesaria para realizar unha intervención social como resposta a unha demanda social.

13) A Lei 10/2011, de 28 de novembro de acción voluntaria indica no seu artigo 3 Concepto de acción voluntaria, indica que:
   a) A acción voluntaria poderá nalgún caso substituír a las prestacións a que estean obrigadas las administracións públicas ou outras entidades, ao traballo remunerado o a prestación de servicios profesionais retribuídos.
   b) A acción voluntaria non poderá en caso algún substituír as prestacións a que estean obrigadas as administracións públicas ou outras entidades, ao traballo remunerado ou a prestación de servizos profesionais retribuídos.
   c) Ningunha das anteriores

14) ¿Cuántas Disposiciones Adicionales tiene la Constitución española de 1978?
   a) cuatro.
   b) Cinco.
   c) Ninguna de las otras respuestas es correcta.

15) ¿Dónde reside la soberanía nacional a tenor del contenido del art.1.2. de la Constitución
   Española de 1978?
   a) En las distintas partes que forman el Estado español.
   b) En el pueblo español.
   c) En el Jefe del Estado y en el pueblo español.

16) ¿En cuántos Capítulos se estructura el Título I de la Constitución española de 1978?
   a) En tres.
   b) En cinco.
   c) En seis.

17) ¿Quién representa al Ayuntamiento?
   a) El Alcalde.
   b) El Pleno.
   c) Todos los Concejales.

18) ¿Quién nombra a los Tenientes de Alcalde?
   a) El Pleno.
   b) La Comisión de Gobierno.
   c) El Alcalde.

19) ¿Quién nombra a los Tenientes de Alcalde?
   a) El Pleno.
   b) La Comisión de Gobierno.
   c) El Alcalde.

20) Quien resida en varios municipios debe inscribirse en el padrón municipal:
a) De cualquiera de ellos
b) Del municipio en el que tenga su residencia habitual
c) Del municipio en el que resida mayor tiempo al año

**Preguntas de reserva**

21) A Lei 10/2011, de 28 de novembro de acción voluntaria indica no seu artigo 23. Competencias das entidades locais de Galicia.
a) Articular os mecanismos de participación das entidades de acción voluntaria na vida local
b) Ofertar información necesaria a aquelas persoas interesadas nas actividades de acción voluntaria, divulgando e dando publicidade as actividades e necesidades das entidades de acción voluntaria.
c) A e B son correctas.

22) A lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, indica no seu artigo 25 o seguinte.

a) Promoción no termino municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e comunicación
b) Actuacións promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a violencia de xénero.
c) A e B correctas

23) ¿Qué mayoría se requiere del órgano competente para la aprobación del Reglamento Orgánico de la Corporación municipal?:
a) Mayoría de dos tercios.
b) Mayoría de tres quintos.
c) Mayoría absoluta.

24) Un ejemplo de acto de trámite es un/una:

a) Ninguno de ellos lo es.

b) Decisión con que concluye el procedimiento.

c) Informe emitido en un procedimiento.

**PROBA PRÁCTICA**

Recíbese a demanda dunha muller de 40 años procedente do Perú. Chegou a España fai 5 años. Na actualidade está en situación regular e desempregada, sen dereito a subsidio ou prestación por desemprego. Vive nun piso de aluguer, e comeza a contraer débedas por impago ante a falla de recursos económicos. Para cubrir as súas necesidades básicas, conta co apoio de algúns amigos e da parroquia, xa que, carece de redes familiares en España.

Descrición da unidade familiar: A familia está composta por Virginia e tres fillos menores, O maior, Carlos Alberto, de 14 años, fai un ano que chegou a España por reagrupamento familiar para residir ca súa nai coa que non convivía desde que tiña 9 años. Foi criado en Perú cos seus avós maternos, xa que o pai abandonounos cando o menor naceu. Carlos Alberto, desde fai 6 meses, presenta altos índices de absentismo, é verbalmente agresivo ca súa nai e irmáns menores. Os outros dous fillos, David e Cecilia, de 5 e 3 años de idade son froito dunha nova parella. O Pai dos menores abandonounos pouco despois da chegada de Carlos Alberto a España.

A parella réxese por un Convenio Regulador de Separación, no que se establecen as pensións alimenticias dos dous fillos menores e o réxime de visitas paterno, quedando estes baixo a garda e custodia da nai. O pai dos menores incumpre frecuentemente o pago da pensión de alimentos, que ascende a 450 € e o réxime de visitas. Os pequenos, segundo informan no colexio, amósanse tristes, se resisten a xogar en grupo, preferindo o xogo individual e as conductas de illamento, coincidindo estes comportamentos co distanciamento da figura paterna. A nai, desesperada e con grandes sentimentos de culpa, acude a Servicios Sociais asesorada polo Centro Escolar dos seus fillos pequenos solicitando axuda económica y apoio persoal para poder axudar a Carlos Alberto.

**Sitúese como a profesional de referencia do Centro de Servicios Sociais, e desenvolva o deseño da intervención dacordo co seguinte esquema:**

**1- ESTUDIO E ANÁLISIS DO CASO:**

1.1.- Necesidades/problemas.

1.2.- Puntos Fortes.

1.3.- Impresión do caso.

**2- DISEÑO DE LA INTERVENCIÓN SOCIAL.**

2.1.- Obxectivo/s xeneral/es da intervención.

2.2.- Obxectivo/s específico/s da intervención.

2.3.- Actuacións en función dos obxectivos.

2.4.- Recursos a utilizar.

.5.- Indicadores de avaliación.

**3- CONCLUSIÓN E AVALIACIÓN GLOBAL.**

**Concédese un prazo de dous días dende o seguínte á presente publicación para a presentación de alegacións/reclamacións ás preguntas e á prantilla de solucións.**